

“O SAF COMO ALTERNATIVA NA INCLUSIÓN DE MENORES”:

Autor: Luis M. Rodríguez Otero.

Profesión: Traballador social.

Institución: Mancomunidade de municipios da Comarca de Verín.

Enderezo electrónico: **luismaotero@yahoo.es**

Resumo:

Os menores son un grupo social especialmente vulnerable a sufrir a exclusión social. As políticas de inclusión inclúen os menores como un dos grupos de especial consideración, sendo as principais carencias deste colectivo a educación e a integración cultural e social.

Nos municipios rurais e semiurbanos onde o programa de educación familiar diminuíuse notablemente ou desapareceu existe un vacío ou ausencia intervencional cos menores e as súas familias.

Posto que a normativa do servizo de axuda no fogar incluíu nos seus obxetivos previr situacións de dependencia ou exclusión social incluíndo como posibles beneficiarios fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo e familias en risco de exclusión social. Plantease a posibilidade de fomento deste programa nos municipios que carecen da figura do educador familiar.

Palabras clave:

Inclusión, menores, desprotección, axuda no fogar e educación familiar.

Resumen:

Los menores son un grupo social especialmente vulnerable a sufrir exclusión social. Las políticas de inclusión incluyen a los menores como uno de los grupos de especial consideración, siendo las principales carencias de este colectivo la educación y la integración cultural y social.

En los municipios rurales y semiurbanos donde el programa de educación familiar se disminuyó notablemente o desapareció existe un vacío o ausencia intervencional con los menores y sus familias.

Puesto que la normativa del servicio de ayuda a domicilio incluye en sus objetivos prevenir situaciones de dependencia o exclusión social incluyendo como posibles beneficiarios hogares con menores en que se observe necesidad de una intervención de carácter socioeducativo y familias en riesgo de exclusión social. Se plantea la posibilidad de fomentar este programa en los municipios que carecen de la figura del educador familiar.

Palabras clave:

Inclusión, menores, desprotección, ayuda a domicilio y educación familiar.

Abstract:

Children are a social group particularly vulnerable to suffering social exclusion. The policies of inclusion include children as one of the groups of special consideration, being the major shortcomings of this collective education and cultural and social integration.

In the semi-urban and rural municipalities where the family education program is significantly decreased or disappeared there is a gap or interventional absence with the children and their families.

Since the rules of the home-help service includes in its objectives to prevent situations of dependency or social exclusion including as potential beneficiaries households with children in need that is observed of a rehabilitative intervention and families at risk of social exclusion. This raises the possibility of promoting this program in the municipalities that lack the figure of the family educator.

Keywords:

Inclusion, minors, checkout, help at home and family education.

1.-Introducción:

O uso do termo “exclusión social” remóntase o debate ideolóxico e político dos anos setenta en Francia (Arriba, 2002, p. 9).

Como indica Fabre (2000) “Dende a perspectiva do ámbito das ciencias sociais e na literatura sobre o tema no noso país, non existe una definición oficial nin lexislativa da noción de exclusión [...] sendo en setembro de 1989 cando aparece por primeira vez este termo nun documento do Consello Europeo” (pp.12-13).

Posteriormente o seu uso estendeuse esta denominación á política social desenrolada pola Comisión Europea no “Programa da Comunidade Europea para a Integración Económica e Social dos Grupos menos favorecidos” e no “Observatorio de Políticas Nacionais de Loita contra a Exclusión Social” (Berghman, 1996).

Existen autores como Bruto (1995) que falan de “marxinación” ou pobreza e outros que denominan esta situación como “desafiliación”. Identificandoa como un proceso con fases diferenciadas que van dende a zona de integración a zonas de precariedade, vulnerabilidade e marxinación ata a exclusión e factores que actúan en cada unha de elas (Castel, 1997, p. 447).

Así, Delors en 1993 na conferencia de clausura do Seminario *Loita contra a Exclusión Social* (Copenhague), afirmaba que a exclusión inclúe pobreza mentras que a pobreza no inclúe exclusión, a cal non é un fenómeno marxinal sinon un fenómeno social que cuestiona e amenaza os valores da sociedade.

O Libro Verde sobre Política Social de 1993 sinala que a exclusión social non significa únicamente una insuficiencia de ingresos. Revela algo máis que a desigualdade social e implica o risco dunha sociedade dual o fragmentada. E tal como sinala o Libro Branco sobre Política Social de 1994 a exclusión social amenaza a cohesión social de cada Estado e da propia Unión Europea (Abrahamson, 1997, pp. 117-141).

En España defínese por primeira vez a exclusión social no “Plan Nacional de Acción para a Inclusión Social do Reino de España” de 2001 da seguinte maneira: “ausencia, para unos, do conxunto de oportunidades vitais que outros sí teñen, como a posibilidade ou dificultade moi intensa de acceder ós

mecanismos de desenvolvemento persoal e inserción sociocomunitaria e, ós sistemas preestablecidos de protección. Equivale a desafiliación, é dicir, a un desligamento social de gran profundidade que, de facto, produce a perda da cidadanía social, definida como conxunto de dereitos de carácter político, social, económico e laboral no individuo e no grupo que sofre tal proceso [...] a exclusión social é entendida como un proceso estrutural que afecta, máis ben, a colectivos sociais e que defínese por un componente multidimensional de factores (laborais, económicos, sociais, educativos, culturais, políticos...).

Este plan ofrece una tabla na que expón a panorámica de exclusión diferenciando colectivos afectados (infancia, xóvenes, adultos de máis de orenta e conco anos, maiores, mulleres, discapacitados, drogodependentes /SIDA, sen tento, habitantes de barrios degradados, minorías étnicas e exreclusos) e carencias (emprego, educación, formación, vivenda, renda, saúde, apoio familiar, integración cultural e social e información asistencial).

2.-Presentación do tema:

Expostas as consideracións teóricas da exclusión social e os grupos especialmente vulnerables, centrándonos nos menores, é preciso sinalar a lexislación vixente en materia de Inclusión Social para menores, así como os recursos existentes na Xunta de Galicia neste campo.

a) Lexislación en materia de Inclusión Social para menores:

A través de diversas normativas e dos planes de Inclusión Social¹ o Estado² e a Xunta de Galicia³ ofrece un amplo abanico de programas, prestacións

¹ II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013 e Plan de Actuación Social 2010-2013. Horizonte 2015.

² Real Decreto 722/2005, de 20 de xuño, polo que se regula a Comisión Interministerial do Plan nacional de acción para a inclusión social. (BOE nº 154 de 29/06/2005), Real Decreto Lei 10/2009, de 13 de agosto, polo que se regula o programa temporal de protección por desemprego e inserción.(BOE nº 197 do 15/8/2009), Resolución de 29 de setembro de 2009, do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se publican as actividades e ocupacións que se consideran prioritarias para a aprobación de proxectos de interese xeral e social da Orde de 19 de decembro de 1997.(BOE nº 251 do 17/10/2009), Lei 14/2009, de 11 de novembro, pola que se regula o programa temporal de protección por desemprego e inserción.(BOE nº 273 do 12/11/2009), Real Decreto 133/2010, de 12 de febreiro, polo que se establece a prórroga do programa temporal de protección por desemprego e inserción, regulado pola Lei 14/2009, de 11 de

económicas, servizos, centros, axudas e subvencións para erradicar a exclusión social.

Posto que os menores son un grupo social de especial vulnerabilidade existen políticas sociais para evitar situacións de necesidade e paliar ou erradicar as circunstancias que producen a exclusión social. A intervención pública protectora buscará sempre a supremacía do interés superior do menor e buscarase manter o menor no seu núcleo ou medio familiar ou entorno de orixe (salvo que non sea conveniente para o seu interés)⁴. Sendo as familias numerosas, monoparentais e acolledoras son de especial consideración⁵ e atendendo as situación de desprotección (risco e desamparo)⁶, debendo orientarse á prevención destas e a reparación da situación de risco que poidera afectar os menores⁷.

Debido a importancia que ten a pronta intervención nos casos onde os menores poden estar inmersos nunha posible situación de exclusión así como na prevención destas circunstancias, nace o interés por parte das persoas que pertencemos o campo do social, de analizar as políticas existentes en esta materia e a mención especial que fan dos menores.

novembro.(BOE nº 41 do 16/02/2010), Lei 27/2009, de 30 de decembro, de medidas urxentes para o mantemento e o fomento do emprego e a protección das persoas desempregadas.(BOE nº 315 do 31/12/2009) e Aplicación provisional do Acordo entre o Reino de España e o Programa Mundial de Alimentos para o establecemento de oficinas do Programa Mundial de Alimentos en España, feito en Nova York o 19 de xullo de 2012.(BOE nº 220 do 12/09/2012).

³ Resolución do 9 de outubro de 1992, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Asuntos Sociais, pola que se lles dá publicidade ás normas de organización e funcionamento interno da Mesa autonómica da renda de integración social. (DOG nº 207, do 23/10/1992), Decreto 244/2002, do 11 de xullo, polo que se regula a Comisión Interdepartamental de Loita contra a pobreza.(DOG nº 144, do 11/07/2002), Orde do 21 de outubro de 2003, pola que se nomean os vocais da Comisión Interdepartamental de Loita contra a Pobreza. (DOG nº 219 do 11/11/2003), Decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, se crea o rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral. (DOG nº 153 do 8/08/2007), Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social (DOG nº 33 do 15/02/2008) e Resolución do 18 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que, no marco dos programas de cooperación e dos programas mixtos de formación e emprego, se establecen os criterios necesarios para que se poidan cumprir os obxectivos establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, no tocante aos colectivos prioritarios. (DOG nº 120 do 22/6/2009).

⁴ Art. 6 da Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

⁵ Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

⁶ Definida pola Lei 3/2001, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia.

⁷ Art. 26 da Lei 2/2006, de dereito civil de Galicia.

- *A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia:*

Esta Lei fai referencia os menores en diversas ocasións. Entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais inclúese a protección e oportunidades sociais e educativas a menores de idade e a aqueloutras persoas que se atopen en situación de conflito ou de desamparo. Así como a prevección da exclusión social⁸.

Un dos principios xerais dos servizos sociais é o dereito a igualdade aos servizos sociais sen que producirose discriminación por entre outras razóns pola idade⁹.

Entre as funcións dos servizos sociais comunitarios específicos encontrase a elaboración de procedementos para previr a exclusión de grupos vulnerables de características homoxéneas e facilitar a súa inserción e normalización social. Entre estes grupos, os menores poden incluírse por considerarse un grupo de especial vulnerabilidade debido a merma das súas capacidades¹⁰.

Os servizos sociais comunitarios específicos terán como función o desenvolvemento de programas e actividades para previr a exclusión de grupos vulnerables de características homoxéneas e facilitar a súa inserción e normalización social. A atención directa a colectivos con déficits de autonomía ou en risco de exclusión que se desenvolva a través de programas en medio aberto, en centros de carácter non residencial ou de carácter residencial temporal”.

Esta lei fai referencia á inclusión social a través do artigo dazanove no que indica que a intervención de carácter técnico-profesional estará encaminada a favorecer a adquisición ou recuperación de funcións e habilidades persoais e sociais de cara á mellora da autonomía, da convivencia social e familiar e á inclusión social”.

Entre os servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica encontrase a protección social das persoas, con capacidade de obrar limitada, que se atopen en situación de conflito ou desamparo¹¹.

A de máis das prestacións económicas recollidas no artigo veintiún, o artigo veintidous indica os programas de intervención comunitaria, os que

⁸ Art. 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

⁹ Art. 4 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

¹⁰ Art. 13 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

¹¹ Art. 20 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

“elaboraranse a partir do diagnóstico social dunha comunidade definida, favorecendo a cooperación cos outros servizos de benestar social existentes no seu ámbito de actuación, e coa implicación da cidadanía, co fin de incidir na superación das situacións detectadas, mediante a elaboración e o desenvolvemento de actuacións cunha perspectiva preventiva e de inclusión social”.

- *O Plan de actuación Social Galicia, 2010-2013. Horizonte 2015:*

Un dos cinco principios reitores sobre os que se sustenta o Plan de Actuación Social é a convicción de que a familia é un pilar social fundamental e que a súa promoción e protección redundarán en beneficio das persoas e da sociedade que as acolle.

Diferenza contexto e enfoque, eixes estratéxicos e accións en función dos 7 ámbitos sectoriais aos que se dirixe¹², entre eles a infancia e adolescencia. Un dos puntos de maior preocupación é o benestar dos nenos e nenas e dos menores en xeral, xa que se están a xerar situación novas que requiren atención inmediata e concreta. Estas actuacións estrutúrase en 4 eixes principais: a protección da infancia e prevención de situacións de risco (sen descoidar as medidas de intervención ante problemas detectados, mellorar e desenvolver a atención especializada), a orientación á prevención apoiándonos especialmente nas familias (promovendo a sensibilización positiva dos diferentes axentes sociais e públicos respecto aos problemas dos menores e promovendo o ocio e tempo libre positivo), a mellora da atención especializada e a promoción da infancia en sentido positivo.

En relación a familia, como eixe central da vida social, promove un plan de promoción e atención ás familias e a estruturación do marco legal para a protección dos seus deberes e dereitos , o apoio aos diferentes tipos de familia e a sensibilización social sobre os problemas das familias e dos menores.

Por outra banda inspirándose nas recomendacións do Informe Conxunto sobre Protección e Inclusión Social da Unión Europea , sinala que a prevención e loita contra a pobreza constitúen o mellor método de inclusión social, polo que

¹² Infancia e adolescencia, familia, xuventude, promoción da autonomía persoal (en persoas maiores e en persoas con discapacidade), atención a persoas con dependencia, colectivos en risco de exclusión e voluntariado.

marcase como prioridades estratéxicas a redución do número de persoas en situación de pobreza e exclusión social (especialmente en situacións extremas) cubrindo as súas necesidades básicas, a minimización da transmisión interxeracional da pobreza e exclusión social e a integración a través de medidas sociais e laborais (desenvolvido no eixe estratéxico 1 do Plan Sociolaboral).

A efectos orzamentario o Plan de Actuación Social de Galicia de 2010-2013 ascendeu a 1.987.816.105 € dos cales 170.546.227 € (8.58 %) destinouse a infancia e adolescencia e 267.063.150 (13.46 %) a familia.

- *A Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básica para a inserción social modificada pola Lei 1/1999 de 5 de febrero e a Lei 16/2004 do 29 de decembro:*

Esta lei xunto coas súas respectivas modificacións establecen tres programas básicos: a Renda de integración social de Galicia (RISGA), as axudas económicas de emerxencia social e os programas de desenvolvemento integral comunitario.

O artigo 8.2 di que terán dereito ó subsidio básico e máis o complemento variable aqueles que teren cargas familiares tivesen dereito a prestación de protección á familia, de acordo coa lexislación en vigor nos termos establecidos no artigo 14”.

Tamén poderán ser beneficiarias” as persoas menores de vinte e cinco anos que, reunindo o resto dos requisitos, teñan menores ao seu cargo, as persoas maiores de dezaioito anos que, tendo recoñecida a condición de minusvalía, non teñan dereito a prestación ou axuda de igual ou análoga natureza, as persoas maiores de dezaioito anos que, antes de acadaren a maioría de idade, estivesen tuteladas pola Xunta de Galicia e internadas en centros de protección de menores ou en acollemento familiar e as persoas maiores de dezaioito anos en situación de orfandade absoluta que, reunindo os demais requisitos deste artigo, non teñan dereito a outras prestacións ou axudas de análoga natureza¹³.

¹³ At. 9.1 da Lei 16/2004 do 29 de decembro, galega de medidas básica para a inserción social.

Malia o anterior, cando nunha unidade de convivencia existan persoas con menores ó seu cargo, considerarase que constitúen unha unidade de convivencia independente¹⁴.

En canto a computación de ingresos o artigo 14.3 di que non serán computables as prestacións familiares por fillo a cargo maior de dezaioito anos cunha minusvalía igual ou superior ao 65% xeradas polas persoas integrantes da unidade de convivencia.

Entre as obrigas dos beneficiarios están a escolarización dos menores ó seu cargo que están en idade escolar obligatoria, garantindo a súa asistencia ó centro de ensino que corresponda, a cal deberá ser acreditada¹⁵, así como non exercela-la mendicidade nin a prostitución, nin inducir ou compeler á practica de calqueira delas a ningún membro da unidade de convivencia¹⁶.

Mediante un informe salientará o perfil sociolóxico e unha valoración sobre as posibilidades de inserción social e/ou laboral, indicando, neste último suposto, qué centros ou institucións adecuados existen no contorno do beneficiario. Así mesmo, salientará cantos datos se estimen pertinentes para poñer de manifesto: a existencia dunha unidade de convivencia independente; o número de persoas que conviven, xunto coa información sobre minusvalidez que poida afectar algún dos seus membros; e a descrición do fogar e da posible existencia de persoas ou familiares con obriga legal e posibilidade real de prestación de alimentos (Art. 24.3).

- *Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.*

b) Recursos en materia de Inclusión Social para menores:

Os recursos existentes en Galicia para la Inclusión Social en Servizos Sociais son a Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e axudas para situacións de Emerxencia Social (como prestacións socio-

¹⁴ Art. 10.3 da Lei 16/2004 do 29 de decembro, galega de medidas básica para a inserción social.

¹⁵ Art. 23.3 da Lei 16/2004 do 29 de decembro, galega de medidas básica para a inserción social.

¹⁶ Art. 23.4 da Lei 16/2004 do 29 de decembro, galega de medidas básica para a inserción social.

económicas), centros de inclusión e emerxencia social¹⁷ (albergues¹⁸, centros de acollida e inclusión, comedores sociais¹⁹, centros de atención social continuada e centros de día para a inclusión social), programas como o de acollida e acompañamento a persoas sen fogar nas grandes cidades , o Servizo de axuda no fogar , as axudas alimentarias ás persoas máis necesitadas e Agora + que nunca (espazo solidario da Cruz Vermella), os Servizos dos Equipos de Inclusión²⁰, Xantar na casa, as axudas de Emerxencia social para familias do "FondoGalicia solidaria ante a crise", a prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de 3 anos, o Título de Familia Numerosa , o Carné familiar, adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 anos, estadías nas residencias de tempo libre, programas como o de adopción, preescolar na casa, acollemento Familiar, medidas de Medio Aberto, os dos puntos de Encontro Familiar , o de Atención Ambulatoria, o de atención a familias con problemas cos seus fillos (terapia familiar), de integración familiar, o programa socioeducativo na rúa e o Mentor. Tamén servizos como o de atención ao menor , os que fertan os gabinetes de Orientación Familiar e o de atención a menores en situación de conflito social, así como os Equipos do menor²¹ e o Servizo de educación e apoio familiar.

¹⁷ *Centros de servizos sociais nos que se atenden as necesidades de persoas afectadas por situacións valoradas de exclusión social e, se é o caso, se posibilitan e impulsan actuacións programadas que favorezan a súa efectiva inclusión sociolaboral.*

¹⁸ Excepcionalmente, e por razóns de emerxencia, poderase dar acollida a menores sen acompañar, para o que será preceptivo comunicar esta circunstancia de maneira inmediata á unidade administrativa competente na área de menores.

¹⁹ Destinados a maiores de 18 anos ou menores acompañados ou autorizados polo titor ou representante legal correspondente.

²⁰ Ferramenta de actuación para acadar os obxectivos do Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013 a través de dazanove Equipos Comarcais que teñen como grandes liñas de actuación: acción positivas con persoas, articuladas en torno ao deseño e desenvolvemento de itinerarios personalizados de inserción sociolaboral, a coordinación con outros recursos que conforman a estratexia galega de inclusión social e acción positivas específicas a favor de colectivos vulnerables.

²¹ Equipos multidisciplinares dependentes das Xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar que teñen como función o desenvolvemento dos programas preventivos e de intervención que elabore e poña en marcha a Secretaría Xeral de Familia e Benestar, a recepción dos casos de menores que se poidan atopar nunha situación de desprotección e a investigación e avaliación da súa situación persoal, familiar, educativa e social, a elaboración do plan de actuación e elevación ao xefe/a territorial da proposta de actuación máis axeitada a cada menor, a execución do plan de actuación e seguimento das medidas que fosen adoptadas, a valoración técnica da idoneidade dos solicitantes de acollemento familiar e de adopción, e a elevación á/ao xefa/e territorial das correspondentes propostas e a supervisión

3.-Desenrolo dos aspectos do tema:

a) A integración social dos menores dende os servizos sociais comunitarios:

Dende este nivel intervencional dos servizos sociais como sinalase na normativa galega encontramos o servizo de axuda no fogar, Servizo de educación e apoio familiar, as Axudas de emerxencia social e a Renta de integración social.

O Servizo de educación e apoio familiar²² diríxese ás familias que pola valoración técnica do persoal cualificado dos servizos sociais comunitarios municipais se atopen en situación de maior vulnerabilidade, nas que exista presenza de menores en risco de desatención ou nas que se identifiquen outros factores que revelen unha situación de risco de exclusión social ou pobreza infantil, así como a unidades de convivencia con funcións análogas á familiar, sempre que favorezan a autonomía e a integración social das persoas que as constitúen.

Ten como obxectivos promover a adquisición, por parte das familias destinatarias, de competencias e habilidades para o correcto desenvolvemento das súas funcións parentais e educativas, poñer a disposición das familias participantes de alternativas, información, recursos e itinerarios socioeducativos en relación coas posibilidades do contorno, favorecer a integración, promoción e participación social das familias ou unidades de convivencia, previr e atender as situacións que provoquen vulnerabilidade ou risco social ás familiares ou agrupados de convivencia alternativa, completar o servizo de axuda no fogar cando se identifiquen situacións carenciais ou de conflito que deban abordarse por medio da educación familiar e promover espazos de encontro de nais e pais enfocados á mellora das capacidades educativas e mellora das situacións detectadas.

do bo funcionamento e o asesoramento técnico ás institucións de atención a menores no seu ámbito de actuación.

²² Art. 11 da Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia e Sección 4ª Disposicións relativas ao servizo de educación familiar (art. 19 ss) do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

As Axudas de emerxencia social e a Renta de integración social iniciaranse mediante a solicitude dos propios usuarios en ocasións previa información dos técnicos. Ambas axudas inclúen entre a documentación a adxuntar un informe social no que determinaranse as circunstancias sociofamiliares, laborales, económicas e de necesidade e no caso da Renta de integración social dos respectivos proxectos de intervención.

b) Situación actual dos Servizos Sociais Comunitarios:

Actualmente o programa de educación familiar estase vendo mermar debido os recortes económicos nas administración locais, así en moitos municipios de menos de 10.000 habitantes, suprimiuse a figura do “educador familiar” debido a desaparición ou diminución da subvención que sufragaba a retribución salarial dos técnicos²³.

En concreto os criterios para a concesión da subvención relativa os Educadores familiares refírese os seguintes ratios de poboación:

Áreas semiurbanas o metropolitanas / Habitantes	Educadores/as	Áreas rurais / Habitantes	Educadores/as
20.000-40.000	2-3	12.000-20.000	1-2
15.000-20.000	1-2	5.000-12.000	1
10.000-15.000	1	Menos 5.0000	0
Menos 10.000	0		

Tabla 1: Consecisión Educadores/as pola Xunta de Galicia según tipo de áreas e ratios poblacionais. Fonte: Anexo II do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Por outra banda o aumento de traballo relativo a tramitación de distintas axudas, seguemento dos servizos prestados, etc, aumentan a labor administrativa dos profesionais restando tempo a intervención socioeducativa da que podemos botar mán na nosa praxis.

c) Vías de intervención fronte a diminución de técnicos en educación familiar:

Ante esta situación os traballadores sociais responsables dos departamentos dos servizos sociais comunitarios vemonos na situación de afrontar situacións das que non poseemos os suficientes recursos para poder previr ou erradicar posibles situacións de exclusión social.

²³ Art.34 e 37 e Anexo 2 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A merma dos profesionais do programa de educación familiar o servizo de axuda no fogar na modalidade de prestación básica configúrase como un dos referentes nos equipos locais.

A Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar define este servizo como aquel que “ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar”. Este mesmo artigo indica os obxectivos do programa sinalando entre eles previr situacións de dependencia ou exclusión social²⁴.

O artigo 4º relativo o contido do servizo, no punto 1.d) inclúe as atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

As persoas destinatarias están indicadas no artigo quinto no primeiro punto²⁵, entre as cales encontráanse os fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo así como familias en risco de exclusión social para dar unha resposta preventiva e socializadora.

O artigo dazasete regula a determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo. No caso de intervención con familias, indica que entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

Finalmente no “Anexo I: Baremo para determinar a asignación do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrência” para a modalidade de prestación básica de servizos sociais de atención primaria figura un factor puntuable cun total de vinte puntos relativo a “situación familiar/socialización menores”. Neste apartado puntúase a existencia de conflito con un ou máis membros (de nivel grave o moderado) puntuando cun máximo de catro puntos,

²⁴ Art. 3º da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

²⁵ Artigo 5.1: O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para asque, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores (...) así como fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

al limitacións de rol (dous puntos), familias monoparentais que por distintas circunstancias non poidan atender aos menores (dous puntos), familias con escasas habilidades parentais (dous puntos) e o número de menores na unidade familiar (tres puntos cando existe un, cinco puntos cando hai dous, sete cando hay tres e dez cando hai catro ou máis).

4.-Conclusións:

Os Servizos Sociais comunitarios encontrase nunha situación clara de retroceso e de perda de autonomía e xestión referida pola merma de persoal, función e recursos.

Son moitos os municipios semiurbanos ou metropolitanos de menos de dez mil habitantes e rurais de menos de cinco mil habitantes carecemos os que non contan ca figura profesional do “educador familiar”.

Posto que os menores son un grupo social de especial vulnerabilidade, nos casos de exclusión social ou situación de risco plantease a ausencia de recursos que poidan previr ou facer fronte a tales situación.

A este punto o servizo de Axuda no Fogar plantease como una posible vía de intervención que considero é preciso estudar e potenciar. Sendo a formación neste campo un importante aspecto a incluír na capacitación dos/as auxiliares que prestan tal servizo, poindendo tamén incluír os/as educadores/as neste programa.

5.-Bibliografía:

ABRAHAMSON, P. (1997) “Exclusión social en Europa: ¿vino viejo en odres nuevos?” en MORENO, L. (comp.), *Unión Europea y Estado del Bienestar*, Madrid: CSIC, pp. 117-141.

ARRIBA GONZÁLEZ DE DURANA, A. (2002) “El concepto de exclusión en política social”, Unidad de Políticas Comparadas , Madrid: CSIC, p.9.

BERGHMAN, J. (1996) “Conceptualising Social Exclusion”, Ponencia presentada en la Conferencia de *European Science Foundation sobre Social*

Exclusion and Social Integration in Europe: Theoretical and Policy Perspectives on Poverty and Inequality. Blarney, Irlanda, 26-31 de marzo.

BRUTO DA COSTA, F. (1995) "Pobreza o exclusión". *Revista políticas sociales en Europa* nº 3.

CASTEL, R. (1997) *La metamorfosis de la cuestión social. Una crónica del salario*. Buenos Aires: Paidós, p. 447.

MARCO FABRE, M. "Consideraciones en torno al concepto de Exclusión Social". *Acciones e investigaciones sociales* nº 11, 2002, pp.12-13.